

O CAMIÑO NATURAL DAS BÁGOAS

I

(A coitelada da morte)

TODO PASA, PASA TODO, TODO PASA.
MENOS A MORTE.

Non. Agora non.
Xa nin creo en fluír perenne, Heráclito.
Vello grego, permanece a morte,
peor!, o sufrimento xordo antes e despois,
peor!, permanece o sen sentido nómade
o absurdo camiñar dos pequerrechos anubrados,
caprichosos violentos violadores homicidas
cristiáns musulmáns budistas ateos
pequerrechos caprichosos solitarios
fronte ao falecemento desgraza anguria,
pequerrechos humanos aniquilados.

Creo na permanencia do mal.



Ás veces, meu amigo,
ás veces perdo as palabras
perdo a emoción e entón
ese cansazo antigo
gaña o meu peito fulminado
e abro as xanelas déspotas
e gustaríame berrarlle algo ao mundo
algo único, importante,
que nos ceibe do abatemento
pero o meu peito atrapado
non ten folgos non ten aire
ausencia sae da boca querelante
estúpida ela aberta
e daquela
o aire glacial deste Xaneiro enxoito
esgaza feroz a farinxa a larinxe
conxunto orgánico de aí dentro
e mudo sucumbo ao desconsolo.

E o mundo segue alleo...
Extraviado.



Amigo, este oco non se pecha. Non.
E penetran, mesturados entran.
Entra nai, paxariño miudiño, miudiño.
E Roberto, golpe impecábel, lembranza atrancada,
home das metáforas transversais, sincronía,
excelso símbolo.
E Tomás, cantando indomábel coma os anxiños ofuscados,
anxiños punkis, revoltosos, irredutíbeis.
E Gus, beira agreste,
graciñas polos discos mornos incendiarios,
“Te recuerdo, Amanda”, Víctor e un lamento,
Allende aleivosía xeneral cismático,
intento nacido lóstrego condenado.
E Chechu, diamante tolo que perdín,
perdín nese buraco negro do meu peto, santuario.
E Fran, guitarra que fala mil incríbeis linguas,
mestizaxe, pureza, aquel concerto que nos regalaches,
lembras?, o segundo mellor concerto da miña vida,
ha, ha, lembrades?
Lembrede comigo, por favor!
Por que o mellor nos deixa?
E Fita, esplendorosa cos seus lóstregos máxicos,
coa súa bondade infinda, nai do meu amor inexplicábel,
avoa do máis precioso, lindo que temos.
E César, piano que agarimo cada pouco en cada poro,
media vida, contigo media vida, meu amigo,
agardo por ti para cantar mentres sorrís,
agardo por ti mentres o piano non soa.
Non soa nada.
Entran e entran. Son moitos.
Moitas. Demasiados.
Gatiño lindo, cadelións esmagados,
camaradas, feixe sombrío,
que polo rumbo inestábel quedaron.
Moitas. Moitos. Demasiados.
Este oco odioso cheo de cinzas non se pecha. Non.
Afogo como un desenfeluxador cativo,
certamente non hai Poppins,
nin bailaríns torpes danzando polos mollados tellados,
nin barato azucre Disney.
Cinzas e finados. Oco.
Hai anxos?
Amigo, hai anxos?



II

(A ferida un ano de silencio despois)

Nun barco grande moi grande

...viñeron

reis magos branco e negro, os nenos

...marcharon

a ledicia nas miradas tes sono?

...viñeron

auga para os camelos estarán cansos, mamá?

...marcharon

Din que ás veces a felicidade é un engano

...viñeron

a felicidade é o máis grande dos enganos

...marcharon

tes frío? tes fame? tes medo?

...viñeron

tes calor? tes fartura? tes tranquilidade?

...marcharon

Teño unha caixa grande moi grande

...viñeron

de felicidade de oriente felicidade caducada

...marcharon

Nun barco grande moi grande

os reis magos saudaban rastreiros

aos raparigos impacientes, orfeón predestinado.

Apreixei á miña filla con forza esférica

e voamos por riba de todas as caóticas cabezas

cara á felicidade dos caramelos harmoniosos

das cabalgatas ciceladas que veñen e van

por riba de todos os anhelos rotos

que viñeron e marcharon.



III

(Sempre haberá quen abra a ferida)

Así que, agora, felizmente vello doméstico
apertando a resignada material bata,
sei que morrer non é nada, nada é.
E asino a frase que un día berrei con vós,
meus compañeiros na fermosa batalla:
“MORRER NON É MALO, SUFRIR É MALO”.
Amén.
A morte nada é.
Nada.

O problema é quedar,
cada vez cun cachiño menos
de brillo limpo.
E seguir,
cada mañá,
enfrentándote ledo e agradecido ao mundo,
por estar vivo e por mantelos vivos.
Elas, eles van no coche escoitando esa precisa canción,
na tenda cando ves esa marca exacta de lentellas,
no dvd no que se mantén imperturbable o título por el escrito,
na frase ao fondo que ela repetía, ecos de existencias, risas,
na forma en que alguén pide pan na mesa,
no gol, no libro, no mar, nas rosas,
en Cantinflas, en Burlan Caster,
no gordo e no fraco, nos documentais, nos agarimos,
nas miradas, nos suspiros, nos silencios, nos sons,
nos estoupidos, nos solpores quentes, na mañanciña fría,
están, están, están, permanecen,
sempre permanecen dalgún xeito, sempre.

Non quero sufrimento inútil.
Non temo a morte.
(Non neste momento exacto e estraño
da miña inexacta e estraña vida).
Afronto a ausencia.
As incontábeis e fodidas ausencias.
Tento ter e dar felicidade.
Tento aproveitar que agora creo ser un bo home,
para facelo máis que para dicilo.
(Declararse feliz neste mundo é impúdico como humano).

Custou. Mais tiven sorte.

Quérete, trátate e trata ben mentres estás vivo,
agarda cada día sen agardar máis que chegar a vivilo,
e sufrilo e gozalo e así cada día,
cun sorriso cunha bágoa.

A morte non é nada,
porque xa vivín máis, moito máis, do que creo merecer.

E mortíños, creo que non creo.

Nin en vidas eternas, ceos gloriosos,
nin en salvación sagrada, resurrección ou
semellantes necesidades que acougan moitas almas.

Non.

Creo na morte como parte natural da vida.

Creo que a vida, ás veces, é moito peor que a morte.

Creo na lembranza.

Creo en vós,
miñas cinzas, meus amados,
miñas cinzas,
creo en vós
e en nós.

Só quero vivir, morrer en paz.

Pero sei que ninguén escoita as pregarías non pronunciadas
por un simple home que aprendeu a respirar tranquilo
hai ben pouco
por un tempo indeterminado
nun mundo xordo ante a infamia,
a inxustiza.

Sei que vivo e morro na Europa, no planeta da
CULPÁBEL INDIFERENZA.



IV

(Na procura da cicatriz)

Son un diamante minucioso que se somerxe abaixo abaixo abaixo feliz, soñando con **esmeraldas** verde esperanza aquela sempre perseguida verde esperanza estará aí **abaixo** abaixo aí estará e vós tamén, vós, verdes axeados cinzas mortos vós tamén cunha **branca** máxica cunha en cada mísero buraco unha branca máxica cunha en todos os **nosos** buracos milicianos branca máxica cunha que tapa cura cauteriza feridas **coiteladas** branca branca harmonía pechan pechan péchanse as feridas marcha veloz o **suplicio** foxe esvaradía a desesperación aquí abaixo todo sería vermello todo non sendo **un** eu diamante cunha escintilante máxica esmeralda esperanza non vexo vermello **sangue** sangue eu eu vexo vexo peixes de cores de cores bonitas vexo as vosas caras **lindas** cinzas é doce morrer así así felizmente húmido e brillante. Perfecto.

Toquei fondo. Fondo. Abrín os ollos e calei xa que no fondo non hai palabras non hai ben **non** hai mal. Non hai máis que calar. Calei porque chegara. Cheguei porque calo.



40 PEQUENOS ACORDES DO CORAZÓN DOENTE

XVIII

Quixen dicir tanto
Que calou o mundo todo
E a miña boca prisioneira
Acumulou unha morea de cariño.



XXX

A minúscula peza
Que encaixa fiel
Na engrenaxe tensa
Da túa minúscula
E única vida.



Déixame compartir o pan
 Cos que a morrer de fame están
 Perdidos
 No silencio cómplice
 E culpábel.



ESTA VEZ FAREINO BEN

ESTA VEZ FAREINO BEN

Esta vez fareino ben.
 Compilarei pecados deplorábeis e ansia audaz,
 cobizada almofada para o penúltimo soño.

Esta vez omitirei a especie mutilada,
 a xenética implacábel, o derramado tremor,
 o fío augusto da incerteza apremada,
 o egoísmo acuoso que sangra,
 o feble mel do espertar.

Todo aquilo impensábel.
 O milagre cotián.
 Esta vez serei outro.



MESTRE (APRENDIZ ETERNO)

Finta de aceiro calmo
 percorrendo designios aló na fondura,
 medula, víscera, cerebro,
 partes dun confuso pouso.

E lembro o café subornábel,
 a inflexíbel lóxica do estudante
 que un día aconteceu, destino.
 Libros conselleiros, apuntamentos subliñados,
 arestora, pegadas accesíbeis nos ollos nacentes
 mirándome incrédulos e impacientes,
 agardando asisados unha nova lección,
 que non sei se teño.

Soa o saxo melancólico na noite fuxidía
e a acumulada respiración é calorosa,
crebadiza,
como os seus ollos,
como a leal vocación
de abrir buratos precursores
nas bulideiras cabezas.

Os seus ollos,
as súas cadeas,
os meus nenos engaiolados na orfa escola.
Núbil filosofía, tornada en fume.



PEDIRÍA

Pediría o regreso soñado
da polícroma e senlleira sinceridade.
Pediría que os bos e xenerosos
infestaran as nacións anegadas de falsidade.
Pediría que o capital fose unicamente chouto, tese, escrito,
na miña caixa de segredos.
Pediría venerar por sempre,
esta vida,
cada dor,
cada alegría.

Estás aí?
Estás aí?

Silencio e estrondo.

